

## Comparecencia na Comisión Parlamentar de Estudo da Lei do Solo

### CONSIDERACIÓNS DA ALIANZA RURAL GALEGA (ADEGA, CIG, FRUGA, ORGACMM) AO BORRADOR DA LEI DO SOLO DE GALIZA

Xaneiro de 2014


**Agradecementos e presentación:** Dase conta dos nomes dos representantes e dos colectivos que compoñen a Alianza Rural Galega:

Por ADEGA: Fins Eirexas, secretario executivo  
 Pola CIG: Anxo Pérez, membro da executiva confederal  
 Pola FRUGA: Manuel Da Cal, coordinador xeral  
 Pola ORGACMM: Xosé Alfredo Pereira, presidente



FRUGA  
 FEDERACIÓN RURAL GALEGA

CIG  
 Confederación Intersindical Galega



**Razóns da Comisión:** Esta comisión xurde dun acordo plenario do Parlamento de Galiza en 2009 que instaba á Xunta a “*impulsar un grande pacto polo territorio*”, pacto que foi subscrito en 2010 e reiterado en 2011 por unanimidade. Ese acordo inicial incluía tamén a criazón dunha Comisión de Estudo para a reforma da lexislación do solo, “*na que se incorporarán as demandas e reflexións do conxunto de institucións e axentes sociais que interveñen no territorio*”.

Eis pois a razón de estarmos hoxe eiquí, supoñemos que en calidade de “axentes sociais” integrantes da Alianza Rural Galega, mais temos que lamentar que non se acordara reclamar a comparecencia de xeito individualizado nesta comisión da primeira central sindical do país (CIG), da principal organización de propietarios de montes en man común (ORGACMM), dun dos sindicatos agrarios máis representativos (FRUGA) e da asociación ecoloxista con maior presenza no territorio de Galiza (ADEGA). Quixeramos tamén que as nosas achegas non foran consideradas como unha opinión máis dun “comité de sabios” senón como o sentir dunha parte representativa da sociedade civil deste país.

**Razóns da nova lei:** Dende a aprobación da Lei 9/2002 de ordeamento urbanístico e protección do medio rural de Galiza, norma á que agora pretende substituír esta nova Lei do Solo, aquela sufríu nada menos que 10 modificacións, case 1 por ano. Chama a atención que estas modificacións, xa sexan directas, inseridas noutras normas de carácter sectorial ou mesmo através deses instrumentos, certamente espúreos, das “leis de acompañamento” dos orzamentos, foron aprobadas non só por maiorías de diferente cor política ao lexislador inicial (PP) senón por gobernos do mesmo Partido Popular.

Para a Alianza Rural Galega, este feito deixa claro tanto a ausencia dun consenso político encol dun modelo de desenvolvemento territorial para Galiza, como unha e preocupante incapacidade dos gobernos do Partido Popular para deseñar, manter e cumprir cun marco normativo estábel. Talvez o máis grave sexa que eses continuos

“parcheos” da norma obedecen a unha falla de respecto crónica das administracións públicas, comezando polos concellos, ás regras de xogo do ordeamento territorial, de xeito que a desobediencia e insubmisión (véxase por exemplo o incumprimento xeralizado dos prazos de redacción e adatación dos PXOM fixados na Lei 9/2002) foi durante estes 12 anos a norma, e non a excepción.

Agora, por parte dos poñentes desta nova Lei do Solo dísenos que esta é a norma definitiva, que “desta sí que vai”, que estamos perante unha lei feita par durar. Tal foi a argumentación da Secretaría Xeral de Ordeamento do Territorio e Urbanismo na presentación da iniciativa ao Consello Galego de Medio Ambiente hai unhas semanas. Porén, como podemos pensar que á vista o acontecido nestes 12 anos coa lei aínda vixente, a actual proposta non vai ser máis que a undécima modificación, sometida novamente aos intereses dos mercados e *lobbys* de turno? (Especuladores urbanísticos, alcaldes-promotores, empresas mineiras, eólicas, acuícolas, pasteiras...)

Por parte da administración díxosenos tamén que a necesidade dunha nova Lei do Solo xustificábase por, e citamos textualmente “*A propia evolución da sociedade galega, a nova realidade existente, así como os sucesivos cambios normativos no eido urbanístico e medioambiental*”. Á marxe do que a Xunta entenda por “evolución da sociedade galega” e “nova realidade existente”, que ben podería ser a degradación dos dereitos cidadás coa excusa dunha crise causada pola especulación e o estoupido da burbulla inmobiliaria, consecuencia dun modelo perverso de relación co territorio, chama a atención que sexan os sucesivos cambios normativos da lei marco os que xustifiquen a súa substitución, como se fora un vicio intrínseco á norma e obviando que eses continuos “retoques” debéronse ao seu reiterado incumprimento.

Porén, para a Alianza Rural Galega eses cambios normativos urbanísticos e ambientais que invoca a administración, efectivamente xustifican a redacción dunha nova Lei do Solo. Normas como a Lei de Industria ou a Lei de Montes e regulamentacións sectoriais como o Plano do Litoral, o Plano de Acuicultura, o Plano Director da Rede Natura ou o Plano da Minaría, que teñen como elemento común a desprotección efectiva do territorio através dunha excesiva discrecionalidade, baten arestora coas limitacións que a vixente Lei 9/2002 establece para determinados usos e actividades no medio rural, particularmente sobre o chan rústico. Eis unha das razóns que na nosa opinión están detrás da intención da administración de redactar unha nova norma: Eliminar o “atranco” que supón o actual marco normativo para determinados usos (industrias, minas...) no solo rústico, incluído o de especial protección.

Na fundamentación desta nova Lei do Solo subxace tamén, na nosa opinión, a intención da Xunta de legislar para o “urbanismo real”, termo acuñado polo conselleiro da CMATI Sr. Hernández para referirse ao Plano Sectorial de Incidencia Supramunicipal co que se pretendían legalizar algunhas das desfeitas urbanísticas de Barreiros. Cómpre lembrar que o TSXG e tras denuncia de ADEGA, declarou nulo o acordo do Consello da Xunta polo que se aprobaba este proxecto sectorial, aforrando 14 millóns de € de cartos públicos que as administracións ían achegar para tapar os incumprimentos dos construtores e as ilegalidades cometidas polo concello de Barreiros. Ficaba claro que a intención da Xunta era eludir a aplicación das




Organización Galega  
de Comunidades de Montes  
Veciñais en Man Común

FRUGA  
FEDERACIÓN RURAL GALEGA



Confederación Intersindical Galega



disposicións urbanísticas da Lei 9/2002 mediante a utilización espúrea do instrumento do Plano Sectorial, feito que o tribunal cosiderou no seu fallo unha “desviación de poder” por parte da Xunta.

Por iso, dende a Alianza Rural Galega temos a sensación de que cando nin os continuos cambios da norma, nin os subterfuxios legais serven á Xunta para acomodar os intereses particulares de determinados grupos de presión, a solución da administración pasa por rachar co marco legal de referencia, mudando as regras de xogo por outras suficientemente flexíbeis (léase discrecionais) para permitir determinados usos e aproveitamentos, independentemente da natureza e vocación do solo.

**Principais eivas da nova lei:** Á marxe do xa exposto encol das causas que subxacen á redacción desta nova norma, queremos achegar algúns apontamentos a respecto das principais eivas que na nosa opinión ten este rascuño. Abonda con ler o artigo primeiro para decatarnos de que estamos perante unha lei desenfocada, centrada no urbanismo (só un dos múltiples usos do territorio) e que minusvalora á maioría do territorio galego, iso que se ten denominado “mundo rural”.

Artigo 1.1. *“É obxecto desta lei a ordenación urbanística de Galicia”*

Chama poderosamente a atención o contraste co establecido pola Lei 9/2002 actualmente vixente que no seu artigo 1.1 di:

Artigo 1.1. *“É obxecto desta lei a ordenación urbanística en todo o territorio de Galicia, así como a regulación, ordenación e protección do medio rural, dos núcleos rurais de poboación que se localicen nel e do patrimonio rural.”*


Precisamente é o ordeamento e protección do medio rural, así como do seu patrimonio (natural, cultural, paixaxístico, produtivo, etc.), o que debería ser a principal vocación dunha norma que realmente atendera á realidade do noso país. Con esta proposta, na que a regulamentación das actividades urbanísticas, vale dicir construtivas, que inciden só sobre unha parte do territorio é o principal *leitmotiv*, a administración amosa a súa miopía, descoñecemento ou desleixo (en absoluto casual) pola relevancia que ese medio rural ten para Galiza e pola urxencia do seu ordeamento sustentábel.

Proba deste esquecemento interesado é tamén o feito de que o solo rústico, categoría na que se encadra a maior superficie de territorio, ten nesta proposta un carácter pouco menos que residual. Á marxe das consideracións que de seguido faremos sobre o solo rústico de especial protección, cuxo tratamento é outra das principais eivas desta norma, o solo rústico común é para a Secretaría Xeral de Ordeamento do Territorio e Urbanismo (departamento responsábel da redacción do actual rascuño) *“a categoría residual do solo que non resulte obxecto doutra clasificación regrada”*. Resulta moi revelador que para o organismo promotor da norma, unha parte moi representativa do noso territorio, na que coexisten multiplicidade de usos produtivos e un importante patrimonio rural (como recoñece a vixente Lei 9/2002), sexa algo “residual”.



FRUGA  
FEDERACIÓN RURAL GALEGA

CIG  
Confederación Intersindical Galega



Esta desvalorización do solo rústico común sitúa nun mesmo plano a determinados usos do territorio que non teñen a mesma repercusión sobre o medio e os seus habitantes e que mesmo poden resultar incompatíbeis entre sí. Por exemplo os aproveitamentos mineiros no chan rústico fican ao mesmo nivel que os usos agrogandeiros e forestais, obviando a función social, fixadora de poboación, de conservación do patrimonio natural e cultural así como de mantemento da soberanía alimentar que estes usos desenvolven. E a respecto dos usos construtivos, a nova lei permite a desclasificación arbitraria do chan rústico común, coa excusa dun “*desenvolvemento urbanístico racional*”, suprimindo as cautelas que até o de agora fixaba a lei 9/2002. Ábrese deste xeito a porta a consagrar por lei a discrecionalidade co risco de repetir, agora con todos os parabéns legais, os despropósitos perpetrados durante os anos da burbulla inmobiliaria.

Polo que atinxe ao chan rústico especialmente protexido, a desaparición das categorías de solo rústico de especial protección forestal e agropecuario e a súa asimilación á categoría “residual” do común, supón a renuncia interesada da administración a preservar amplas áreas do medio rural cun importante potencial de aproveitamento sustentábel e vencelladas a modelos de ocupación do territorio propios de Galiza. Nestas áreas, amáis de residir un importante patrimonio rural (ambiental, cultural e social) terían acollida iniciativas produtivas que como os montes en man común, as indicacións xeográficas protexidas ou as explotacións ecolóxicas, xustificarian a consideración de solo a preservar ao mesmo nivel que o chan de protección ecolóxica, paisaxística ou patrimonial.

Porén, actividades como a minaría fican asimiladas aos outros usos produtivos no solo rústico común, independentemente dos efectos sobre o territorio e a saúde dos seus habitantes. E no chan rústico protexido, será o criterio da Xunta (novamente a discrecionalidade) o que determine a compatibilidade destas actividades en función do recollido no Plano Sectorial de turno (do Litoral, de Acuicultura, da Minaría, da Rede Natura...) normas que curiosamente delegan na consellaría competente esta facultade.

**Propostas da Alianza Rural:** Para ADEGA, a CIG, a FRUGA e a ORGACMM fica claro que este rascuño de norma non foi redactado para favorecer o máximo consenso social e político a prol dun ordeamento respectuoso co territorio, como no seu momento exortou este Parlamento en referencia a ese imprescindíbel “pacto polo territorio”. Ben ao contrario, no canto de planificar un ordeamento territorial sustentábel que permita poñer en valor as potencialidades do medio rural preservando os seus recursos, esta norma supón unha importante regresión con respecto ao actual marco normativo. Carece dunha perspectiva integral, está excesivamente sesgada cara os aspectos urbanísticos minorando outros usos do territorio e consagra a desprotección e desvalorización do solo rústico usurpando de facto aos concellos a capacidade de fixar determinacións neste tipo de chan.


O modelo de ordeamento territorial que defende a Alianza Rural Galega visa a posta en valor das enormes potencialidades para o desenvolvemento sustentábel do medio rural e a súa contorna. E vai claramente dirixido á xeración de emprego, mais non



Organización Galega  
de Comunidades de Montes  
Verdeiros en Man Común

FRUGA  
FEDERACIÓN RURAL GALEGA

CIG  
Confederación Intersindical Galega



aquel vencellado ás industrias de enclave que ao marchar deixan tras de si destrución e envelenamento, nin á especulación urbanística que provocou a ruina económica e a desfeita ambiental. Nós falamos depostos de traballo vencellados á conservación e aproveitameto sustentábel dese “patrimonio rural” que recolle a lei 9/2002 e esquece interesadamente o actual rascuño lexislativo.

Pedimos pois a retirada do actual borrador e, atendendo ao espírito e á letra do acordo unánime deste Parlamento que en 2009 demandaba “un grande pacto polo territorio”, solicitamos desta comisión un ditame a favor da apertura dun proceso participativo no que “o conxunto de institucións e axentes sociais que interveñen no territorio” poidamos, en calidade de Comisión Promotora Aberta, integrar as nosas propostas e reflexións nun proxecto de lei para apresentar e debater nesta cámara.

Galiza, xaneiro de 2014

Pola Alianza Rural Galega,



ADEGA, CIG, FRUGA, ORGACMM